

TAREFA CORRECCIÓN ARTIGO INNERARITY

GOBERNAR LA PROPIA VIDA

1. O **liberalismo** entende a liberdade nun sentido individualista. O **suxeito da liberdade liberal** é o **individuo**: “una libertad entendida como propiedad meramente individual”. Por tanto, na teoría política liberal, a **liberdade** é unha **propiedade** que pertence ao individuo. Aparecen neste sentido, dous aspectos que definen ao liberalismo, *individuo* e *propiedade*, en palabras do politólogo **C.B. Macpherson**: o **individualismo posesivo**.

Por tanto, a liberdade dun conxunto, dunha sociedade, por exemplo, non sería nada máis que a simple suma das liberdades de cada individuo, como di Innerarity: “mera agregación de voluntades”. A vida social, ou incluso a vida política, non sería nada máis que a traslación a nivel colectivo dos **intereses particulares** de cada **individuo**. No **ámbito social e político** cadaquén persigue os seus **intereses propios**. Tal e como explica o filósofo **Mandeville** na súa Fábula das abellas, se cada individuo persigue na vida social o seu interese particular, esta forma de actuar redundaría en beneficio de todos, do conxunto da sociedade.

2. O **republicanismo** entende a liberdade como unha **realidade socio-política** que se xera entre todos, colectivamente: “como construción social de una voluntad común”. Os conceptos clave que definen esta visión republicana da liberdade son *participación* e *soberanía*. Para os pensadores republicanos é relevante a intervención directa na toma de **decisións colectivas**, ser parte integrante dun **conxunto auto-gobernado**: “se trataría de promover la participación ciudadana y la cohesión social”.

Así, o **suxeito da liberdade** no **republicanismo** é colectivo, o **pobo**, a **ciudadanía**. O **soberano** é o **pobo**, a **soberanía**, o **poder (político)** para tomar as decisións que incumben a todos reside no propio pobo. A liberdade do conxunto, do que eu formo parte, garantiza a miña propia liberdade individual. A intervención das partes no conxunto, na esfera pública, política, debe servir para promover o **interese xeral**.

3. A maior **ameaza á liberdade liberal** sitúase sempre no **poder político**. O perigo reside na **intromisión ilexítima do Estado** no ámbito da **liberdade individual**. Esta postura abre un interesante debate no seo do propio liberalismo respecto de cando unha intervención do goberno no ámbito da **autonomía** persoal é lexítima (xusta) ou ilexítima (inxusta). ¿Resulta unha intromisión inaceptable no ámbito das eleccións persoais a obrigatoriedade de levar mascarillas ou a de vacinarse?

Polo que acabamos de explicar, a liberdade liberal adoita ser expresada como *non-interferencia* ou *non-intromisión*. Innerarity emprega o concepto **separación**, equivalente de **autonomía**: ten que existir un ámbito de **decisión autónoma** por parte do individuo *separado* de calquera interferencia por parte dos poderes públicos. Este xeito de entender a liberdade tamén explica porque os liberais avogan por un modelo de **Estado non-intervencionista** ou *Estado mínimo* ou *limitado*.

“A una persona de derechas lo que más le inquieta es ser molestado por el Gobierno... esta resistencia a la imposición podría incluso llegar a justificar el desmantelamiento del Estado en nombre del protagonismo de la sociedad civil...”

“Para los liberales basta con que no haya constricciones explícitas para que podamos considerarnos seres libres...”

Mientras que para os republicanos o maior risco para a **liberdade republicana** reside na existencia de impedimentos socialmente establecidos que obstaculicen a participación dos cidadáns na vida social e política: “la preocupación fundamental de alguien de izquierdas es ser excluido de las decisiones públicas...” Estos obstáculos son concebidos como **estructuras de dominación** que xeran **exclusión** social e política: “para los republicanos no se puede hablar de libertad mientras su ejercicio esté impedido por dominaciones explícitas o estructurales...” Así pois, o republicanismo defenderá a liberdade entendida como *non-dominación*, ou *ausencia de dominio*.

4. Daniel Innerarity plantea dúas críticas á visión liberal da liberdade. Por unha parte, considera que o liberalismo non toma en conta as **circunstanciais sociais** que fan posible a liberdade individual, a saber, que para poder falar dunha liberdade real ou efectiva hai que tomar en consideración os **requisitos sociais** dos que depende a nosa liberdade. Por exemplo, a posibilidade de dispor de certos recursos económicos para poder exercer as nosas liberdades. O dereito á educación e a liberdade de poder estudar depende tamén de becas e de que haxa centros escolares públicos no meu entorno máis próximo.

A outra obxección que formula o profesor Innerarity ten que ver con que o liberalismo pon o foco casi exclusivamente na **liberdade individual** sen atender ás **liberdades dos demais**. A pregunta por saber en que medida a miña liberdade afecta á liberdade dos outros ocupa un lugar secundario. En resume, en moitas filosofías liberais non hai unha asunción dos **deberes e obrigacións** que comporta o exercicio da liberdade persoal.

En palabras do propio autor: “...defienden una libertad entendida como propiedad meramente individual, en el sentido liberal e incluso libertario. Apelan cada vez más a una libertad que parece desconocer, por un lado, hasta qué punto su ejercicio depende de ciertas condiciones sociales (en virtud de las cuales unos la disfrutan más que otros) y, por otro, la reivindican como desvinculada de sus obligaciones sociales (que nos eximiría de tener en cuenta el impacto de nuestras acciones en la sociedad).”

5. Innerarity considera moito máis axeitada a **visión republicana da liberdade**, precisamente porque atende aos dous aspectos que o liberalismo descoida casi por completo (sería necesario matizar este punto en base á análise específica de cada teoría liberal, pois entre os propios liberais hai certas diferenzas).

En primeiro lugar, o republicanismo está atento ás **concicións sociais** de todo tipo (económicas, políticas, culturais, educacionais, etc) que fan posible unha liberdade real e efectiva. Como xa explicamos antes, os republicanos prestan atención ás **situacións de dominación** (ou **dominio**, en teoría política as dúas palabras son equivalentes) que

impiden o exercicio das liberdades de **participación política**: “la preocupación fundamental de alguien de izquierdas es ser excluido de las decisiones públicas.”

Por outra parte, forma parte do vocabulario republicano da liberdade o léxico dos **deberes cívicos**, isto é, as responsabilidades e obrigacións que temos en tanto que cidadáns cos nosos concidadáns: “La concepción republicana de la libertad resulta a mi juicio mucho más rica porque no se reduce a limitar las interferencias de los otros sobre la propia libertad, sino que se preocupa por el modo de integrar la propia libertad con la libertad de los otros...”

6. “El problema podría formularse de la siguiente manera: ¿Hasta qué punto es correcto que un Estado democrático que reconoce un gran valor a la libertad de sus ciudadanos se preocupe de su vida buena? ¿Puede la autoridad pública decirnos cómo debemos vivir?”

A resposta de Innerarity é afirmativa, un **Estado democrático** ten lexitimidade para intervir nos **modos de vida da sociedade**, por tanto, pode e incluso debe condicionar en certa medida os **estilos de vida da poboación**.

Pero o autor marca dúas **condicións** para que a **intervención do Estado** na sociedade poida ser considerada como **lexítima** (correcta ou aceptable en termos de política democrática): a primeira, a **xustiza** das medidas adoptadas que afectan ao conxunto social. As imposicións normativas deben ser xustas, no sentido en que atendan ao **ben común**. Por exemplo, en relación á pandemia as medidas adoptadas dende un primeiro momento por moitos gobernos buscaban preservar o ben superior da saúde pública evitando a expansión incontrolada do virus.

En segundo lugar, que as medidas a tomar sexan froito dun **acordo** (unánime ou maioritario) que cumpra cos **procedementos democráticos de toma de decisións**. Volvendo ao exemplo da pandemia da COVID-SARS-19, as medidas tomadas por moitos gobernos foron obxecto de debate nos parlamentos. Unha vez que no parlamento (poder lexislativo) se aprobaron as medidas a implementar, os gobernos (poder executivo) aplicaron as leis correspondentes. E os tribunais de xustiza (poder xudicial) velaron polo seu cumprimento aplicando as sancións legais estipuladas pola lei.

En palabras de Innerarity: “... los gobiernos pueden y deben tener una concepción pública del interés general y están legitimados para promoverlo. La legitimidad de esa promoción depende en primer lugar de la justicia de los objetivos y secundariamente de que esa decisión acerca del tipo de sociedad a la que aspiramos resulte de la deliberación colectiva.”